



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA TRES DE DECEMBRO DO DOUS MIL SETE.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup> María Loureiro García, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D<sup>a</sup>. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, D. Guillermo Leal Arias, D<sup>a</sup>. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Gueimunde González, D<sup>a</sup>. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. Celestino V. García Paz, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

**SECRETARÍA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

**INTERVENTOR**

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do tres de decembro do dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez, e a do Interventor, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

1º.- **MOCIÓN DO B.N.G. CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

O concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño di que se pode intervir por unha cuestión de orde, o que é autorizado polo Alcalde, indicando a seguir o Concelleir citado que a presente sesión se está a celebrar porque houbo, di, un comportamento antidemocrático do voceiro do grupo do PP, e que como non se retracte vaise a ausentar da sesión.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas indícase que ao non poder acabar a sesión ordinaria do Pleno o pasado día vinte e seis de novembro, e tratando de respectar o principio de unidade de acto, toda vez que a sesión ordinaria citada interrompíuse, e polo que se dictou a Resolución fixando a presente data do 3 de decembro coa orde do día dos puntos que non se acadaron na precedente.

Neste momento, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos, o concelleiro de IU-EU, Sr. Expósito Mariño indica que se ausenta polas razóns expresadas.



Seguidamente polo concelleiro do BNG, sinálase que considera que a moción atópase suficientemente debatida e reitera o contido da moción presentada que literalmente transcrita di:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**O 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero**, é unha data para a denuncia, para a concienciación social, e para avaliar os avances que se teñan dado a anticipar novas liñas de actuación.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero son pasos necesarios para loitar contra este fenómeno. A Lei Galega para a Prevención de Tratamento Integral da Violencia de Xénero é un instrumento para unha nova abordaxe da violencia de xénero no ámbito galego, con fin de conseguir unha verdadeira realización do principio de igualdade entre mulleres e homes, porque un dos obxectivos prioritarios de toda sociedade democrática é a igualdade entre os homes e as mulleres e unha clara expresión da desigualdade é a violencia de xénero.

A sociedade galega non debería aceptar ningunha forma de violencia de xénero, e as institucións locais teñen que tomar conciencia e responsabilidade na tarefa de eliminación da violencia exercida contras as mulleres. Tomar conciencia é un paso que hai que dar de modo colectivo, desde o mundo laboral, as institucións, os medios de comunicación, o ensino, etc., máis tamén é un paso que se debe dar de modo persoal e individual.

Para construír unha sociedade baseados valores democráticos de igualdade entre mulleres e homes, necesítase de medidas legislativas ou con tributos desde as administracións públicas, que o BNG leva poñendo en marcha onde ten responsabilidade de goberno, máis aínda é necesario o compromiso social. Este compromiso social constrúese desde a solidariedade persoal á hora de condenar sen paliativos as accións de violencia contra as mulleres, de denuncialas e facer visíbeis as nosas denuncias.

Por iso o BNG desta volla quere chamar tamén á responsabilidade e ao compromiso persoal de cadaquén. Os agresores non deben achar respaldo para continuar con “normalidade” a súa vida mentres as mulleres agredidas pasan auténticas dificultades para recuperar as súas vidas. Estas dificultades son moitas e teñen que ver co aspecto económico, laboral, familiar e social.

No momento en que vivimos, onde as mulleres seguen a ser obxecto de maos tratos e moitas perden a vida nas mans da súa parella, ou exparella, non cabe ollar para outro lado, debemos dar a cara todos e todas, e asumir homes e mulleres que coa violencia de xénero son caben medias tintas. Contra a violencia machista debemos actuar todos e todas. Todas e todos somos testemuñas, e podemos escoller entre ser cómplices ou ser persoas solidarias que non imos consentir co noso silencio que se lexitimen condutas violentas contra as mulleres que perpetúan concepcións machistas asentadas en valores patriarcais.



O papel que teñen os concellos nesta loita común é fundamental, xa que poden actuar como ponte de conexión entre as políticas deseñadas a nivel nacional polo goberno galego e a cidadanía, e poden constituírse nun modelo de repulsa para todos os veciños e veciñas dos actos de violencia contra as mulleres, manifestando a súa total condena e proclamando a súa corresponsabilidade na prevención, persecución e denuncia dos casos de violencia machista, así como a atención ás mulleres en situación de violencia de xénero.

As cifras de denuncias e de mulleres asasinadas que se repiten ano tras ano, poñen de manifesto dunha maneira brutal, que aínda non podemos baixar a garda, e que se fai imprescindible a implicación de todas as institucións, asociacións e persoas. Sabemos que nos enfrontamos a un problema estrutural, pero este feito non pode converterse nunha excusa para non actuar.

Cómpre pois unha implicación real de todas as administracións no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previr e paliar esta situación.

Unha das medidas fundamentais é apoiar as mulleres para que poidan iniciar unha nova vida en liberdade e protexida dos agresores.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Crear un fondo de emerxencia, contemplando no orzamento unha partida específica para tal fin, que sirva para atender os caos de mulleres en situación de violencia de xénero do concello, que de maneira urxente necesiten recursos.”**

Polo Sr. Alcalde-presidente reitérase o Informe lido na sesión do día 26 de novembro pola concelleira D<sup>a</sup> Concepción Toral Romero, reiterando que existe Partida Orzamentaria para a emerxencia social e insistindo no extremo de que non vai permitir que se entenda que non hai partida para os casos de violencia de xénero xa que considera sería unha demagogía e un engano, máxime, dí, cando en catro anos de goberno bipartito nun área xestionada polo propio BNG non tivo en consideración propoñer iniciativa dese carácter.

Procédese a votar a moción e producíndose un empate de oito votos a favor (PP e BNG), e oito votos en contra (PS de G-PSOE), realízase o desempate co voto de calidade do Sr. Alcalde, que ao ser negativo da como resultado o rexeitamento de dita moción do BNG contra a violencia de xénero.

### **2º.- MOCIÓN DO PP, SOBRE A POSTA EN MARCHA DUNHA OFICINA MUNICIPAL DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA.**

Autorizada a intervir pola Alcaldía, aos efectos de efectuar unha aclaración sobre a inclusión deste asunto na orde do día da sesión, pola Secretaria do Concello indícase que esta moción do grupo do PP, na que figura data de 19 de outubro, evidentemente presentouse con



anterioridade á celebración da Sesión ordinaria do día 26 de novembro, non obstante, ao non rexistrarse ata o día vinte e oito de novembro, por Secretaría non se tivo constancia da súa presentación, e que é o motivo polo que se inclúe na presente sesión.

Intervén polo grupo do PP a concelleira María Carmen Gueimunde González que día que aínda que esta cuestión a que se refire a presente moción atópase suficientemente debatida. Consideran necesaria unha maior información ás persoas afectadas, ou ás que nun futuro poidan ser acreedoras deses servizos, lendo a seguir o parágrafo 1 do acordo da moción que propoñen que transcrita textualmente, di:

“O 30 de novembro de 2006 aprobouse a Lei de Dependencia no Congreso dos Deputados co apoio do Partido Popular. Esta Lei entrou en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOE (26 de decembro do 2006).

Establécese que a efectividade do dereito ás prestacións por dependencia será a partir do 1 de xaneiro do 2007. Durante este ano atenderanse ao grandes dependentes e ata o 2015 incorporaranse paulatinamente os dependentes moderados.

A Lei 39/2006 de 14 de decembro de 2006 dí, entre outros moitos supostos, que:

- O sistema desenvólvese coa colaboración e participación de todas as Administracións Públicas, e coa participación das Entidades Locais.
- A Lei inspírase, entre outras, na colaboración dos servizos sociais e sanitarios na prestación dos servizos aos usuarios, conforme ás normas aplicables ás Entidades Locais.
- A Lei crea o Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, órgano asesor na materia, adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no que figuran seis representantes das Entidades Locais.
- Finalmente o calendario de aplicación desta Lei, sinala que no primeiro ano 2007, só se atenderán aos valorados no grao III de gran dependencia, niveis 2 e 1.

Por outra banda, non se pode esquecer que os concellos posúen unha importante rede de atención primaria e comunitaria que hoxe en día xestionan boa parte dos servizos recollidos na Lei e que contan co persoal axeitado para facer chegar a información e levar a cabo o seguimento das persoas usuarias do sistema.

Tendo en conta as competencias que a Lei reconece aos concellos, e sobre todo a necesidade de acelerar a súa aplicación e posta en marcha na nosa Comunidade, o Pleno desta Corporación ACORDA:

1. Instar ao goberno local a por en marcha unha **Oficina Municipal de Atención á Dependencia**, onde persoas dependentes deste Concello poidan recibir a información necesaria sobre os servizos recollidos na Lei e a tramitación das axudas correspondentes.



2. Remitir unha carta a todos os vecinos deste Concello que estean en situación de ser posibles beneficiarios destas prestacións para informarlles creación desta Oficina Municipal de Atención á Dependencia.

Comunicar á Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar que os servizos sociais de base deste Concello, en aras á cooperación entre as distintas administracións, informarán e asesorarán a todos os vecinos que o demanden, en relación a aplicación da Lei de Dependencia, facilitando os impresos axeitados e tramitando as solicitudes que se presenten.”

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas en contestación indícase que en Viveiro hai un punto de información e tramitación levado pola Administración competente que resulta ser a Xunta de Galicia, que se atopa desde o mes de maio na Casa da Xuventude, que di leva tramitados 57 expedientes. A seguir indica que os Servizos Sociais municipais teñen tramitados 100 expedientes. Que o seu Grupo non vai vota a favor desta moción polos mesmos motivos que votaron en contra da anterior, xa que di sería recoñecer que o goberno municipal non atende á aplicación da Lei, di máis importante nesta materia que lembra aprobouse a instancia do goberno socialista do Presidente Rodríguez Zapatero.

Polo Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta dáse lectura da posición do seu grupo, texto que transcrito literalmente di:

“Para afrontar as propostas de Creación de Oficinas Municipais de Atención á Dependencia cómpre atender aos seguintes argumentos.

1/ A Lei de Dependencia atribúe á Xunta de Galicia as competencias de planificación, ordenación e dirección dos servizos de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas e situación de dependencia así como a valoración das situacións de dependencia e a resolución do grao e nivel de dependencia.

2/ O Decreto 176/2007, do 6 de setembro, que regula o procedemento para o recoñecemento das situacións de dependencia e do dereito á prestación do sistema para a autonomía e atención da dependencia en Galicia, atribúe aos concellos algunhas funcións de información xeral, recepción de solicitudes para o seu traslado ás Delegacións Provinciais, elaboración dos informes sociais e labores de seguimento do Programa Individual de Atención.

3/ Eses labores, que requiren da colaboración dos concellos, hanse de realizar a través dos seus servizos sociais de atención primaria; é dicir, a través do dispositivo ordinario co que contan para a prestación de servizos sociais non especializados e non mediante a creación de Oficinas de servizos especializados como é o caso dos contemplados pola Lei de Dependencia. Polo tanto **a clave do debate reside nesta diferenciación:** os concellos contan con servizos de atención primaria para prestar servizos non especializados e a Xunta ten a competencia para a creación dos servizos especializados como os contemplados na Lei de Dependencia.

Con maior detalle:



1/ A Lei 39/2006 no seu artigo 11 fixa a participación das Comunidades Autónomas no desenvolvemento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, atribuíndo no noso caso a Xunta de Galicia, a través da súa Vicepresidencia.

- a) Planificar, ordenar e coordinar e dirixir os servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia..
- b) Xestionar os servizos e recursos necesarios para a valoración e atención de dependencia.
- c) Establecer os procedementos de coordinación sociosanitaria, creando, no seu caso, os órganos de coordinación que procedan para garantir unha efectiva atención.
- d) Crear e actualizar o Rexistro de Centros e Servizos, facilitando a debida acreditación que garanta o cumprimento dos requisitos e estándares de calidade nos centros e servizos e respecto dos dereitos dos/as beneficiarios/as.
- e) Asegurar a elaboración dos correspondentes Programas Individuais de Atención.
- f) Inspeccionar e, no seu caso, sancionar os incumprimentos sobre requisitos e estándares de calidade nos centros e servizos e respecto dos dereitos dos/as beneficiarios/as.
- g) Avaliar o funcionamento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Adicionalmente, a Lei 39/2006 establece no seu artigo 27 que é potestade das Comunidades Autónomas “determinar os órganos de valoración das situacións de dependencia”, e efectuar a valoración da situación de dependencia”, e efectuar a valoración da situación de dependencia, con especificación dos cuidados que a persoa poida requirir.

2/ O marco de colaboración dos concellos no desenvolvemento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia explícitanse no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, que regula o procedemento para o recoñecemento das situacións de dependencia e do dereito á prestación do sistema para a autonomía e atención da dependencia en Galiza. Singularmente, recoñécese aos concellos o desenvolvemento dunha serie de funcións a través dos seus servizos sociais de atención primaria. Nomeadamente son:

- a) Achegar a información básica sobre a Lei de Dependencia e as súas prestacións, derivando aquelas consultas especializadas cara ás Delegacións Provinciais de Igualdade e do Benestar.
- b) A realización do informe social do/a traballador/a social dos servizos sociais públicos de referencia da persoa solicitante (artigo 12).
- c) As presentacións de solicitudes realizáranse nas Delegacións Provinciais da Vicepresidencia pero tamén poderá facerse nos rexistros dos concellos que se teñan sumado ao sistema do Portelo Único, de acordo co fixado na lei 30/1992 no seu artigo 38.4.b).
- d) Unha vez realizada a valoración e aprobado polas Delegacións Provinciais da Vicepresidencia o Programa Individual de Atención comunicaráse aos servizos sociais de atención primaria dos concellos para que poidan participar no seu seguimento (artigo 15.2).

3/ Todas estas funcións de colaboración e asistencia ao Sistema para Autonomía e Atención á Dependencia nas que se participan os concellos realizáranse a través dos seus



servizos sociais de atención primaria. Neste sentido cómpre suliñar o establecido no Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria nos que exercen as súas competencias as Corporacións Locais.

Así, os Concellos teñen potestade para o desenvolvemento de servizos sociais de atención primaria e “entendidos como aqueles que realizan unha acción social globalizadora e polivalente, dirixidos ao conxunto da poboación dun ámbito xeográfico determinado e que teñen por obxecto promover e posibilitar o desenvolvemento do benestar social de todos/as cidadáns/as, sendo, pola contra, responsabilidade da Xunta de Galiza a xestión de servizos e prestacións sociais especializados como é o caso dos integrados na Lei de Dependencia.

En rigor, as Corporacións Locais non teñen competencia para a creación de unidades de traballo social especializado e como ben se sinala no artigo 3.2 do Decreto “en calquera caso, a orientación sectorial de determinadas prestacións, equipamentos ou proxecto sociais de atención primaria non deberá implicar complexidade técnica, un tratamento especializado o unha duración que interfiran ou desvirtúen a orientación universal e polivalente do servizo de atención primaria, suposto no que están evidentemente incluídas as novas prestacións que engloba a Lei de Dependencia”.

Efectúase a votación e o Pleno da Corporación por maioría de nove votos en contra (PS de G-PSOE e BNG), e sete votos a favor (PP), acorda desestimar a moción do PP sobre a posta en marcha dunha oficina municipal de atención á dependencia.

### 3º.- **ROGOS E PREGUNTAS:**

Polo Sr. Alcalde contéstase aos rogos e preuntas que presenta o concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, na sesión do Pleno do día 22 de outubro de 2007.

1. **No campo de Naseiro, xunto á capela, leváronse adiante unhas obras de construción dunha placa de formigón. Preguntamos:**

- **Foi o Concello o que fixo esta obra?**

O Alcalde resposta: Si, fíxoa dentro das actuación das melloras das instalacións para as festas do Naseiro.

- **Os terreos nos que se fixo esta actuación. ¿Son de propiedade municipal ou privada?**

O Sr. Alcalde contesta: Como a maior parte de todos os terreos que se benefician das obras municipais para a celebración da Romaría do Naseiro son privados, e aproveito a ocasión da súa pregunta para agradecer publicamente á familia Mariño Gato pola súa cesión gratuita e, polo tanto desinteresadas, ao permitir o uso dunha finca da súa propiedade para mellorar as actuacións na festa do Naseiro.

- **Se a obra é do Concello ¿Cal foi o orzamento e a cargo de que partida orzamentaria se fixo?**

O Sr. Alcalde responde: Dentro de varias obras realizadas para a mellora da festa do Naseiro, foron con cargo á partida 43102 210 por unha contía de 23.956 € tendo en conta que houbo que reforzar a base sobre a que se ía a apoiar a placa de formigón para que poidera resistir o peso dos palcos móbiles das grandes orquestras que participan no



Naseiro, reivindicación dende hai moitos anos ao non poder usar o cabozo as novas infraestruturas das que dispoñen estas orquestras.

- **¿Foron necesarios permiso da Consellería de Medio ambiente para esta obra?**

O Alcalde contesta: Non foron necesarios para facer a obra.

2. **A última data que a Alcaldía ten anunciado públicamente como data de presentación do Orzamento Xeral do Concello de Viveiro para este ano 2007, era de Agosto pasado. Imos rematar xa o mes de Outubro, e a pesar de se ter contratado a un técnico máis para a xestión de recursos económicos, nada se sabe do Orzamento Xeral correspondente ao ano que andamos, e nada se concretou aínda sobre a presentación do Orzamento do 2008.**

**Preguntamos:**

- **Cal é a situación do Orzamento do concello do ano 2007?**

A Alcaldía dí que xa explicou que no ano 2007 non ía haber presupostos e na devandita explicación sinalaba que era a mesma situación pola que en 2005, cando gobernábamos en conxunto, non houbera orzamentos.

- **Cal é o calendario previsto para a presentación a debate dos Orzamentos do ano 2008?**

A Alcaldía indica que na mesma explicación antes citada díxose que os presupostos do 2008 serían presentados en decembro, e agora poido asegurar que na seguinte semana á ponte da Constitución serán presentados na Comisión Informativa de Facenda e ás Asociacións Veciñais.

3. **Tense anunciado publicamente por parte da Alcaldía o ofrecemento á Consellería de Medio Rural de terreos para a ubicación dunha nave de servizos, nomeadamente de vehículos e material contraincendios e de servizos agrarios. Preguntamos:**

- **¿Concretouse este ofrecemento?**

O Sr. Alcalde contesta: Si, esta proposta da Alcaldía foi trasladada á Delegación de Medio Rural.

- **É dicir a día de hoxe podemos coñecer a posible ubicación dos terreos que se ofrecen a esta Consellería?**

O Alcalde resposta: Si, unha vez feito o ofrecemento desplazouse persoal da Delegación de Medio Rural acompañados por un arquitecto e polo técnico municipal para ver os terreos que están a continuación da nave de Protección Civil, e alí concretouse que non só se vai a facer dita nave de servizo para albergar os coches contraincendios e distintos vehículos da Consellería, senón que tamén irían as oficinas que actualmente ocupan locais municipais na R/Alonso Pérez.

4. **O Conselleiro da Presidencia ten anunciado hai tempo a construción do Parque Contraincendios nos terreos de Lavandeiras. Transcorridos varios meses desde este momento. Preguntamos:**

- **¿Qué previsións existen para pór en funcionamento o tan necesario Parque Contraincendios?**





O Sr. Alcalde indica que a Consellería da Presidencia cumpriu con ter a partida presupostaria necesaria para a construción do Parque de bombeiros e ademais asinar un acordo de que este iría en Viveiro, como ben sabe vostede. Neste momento estase a rematar o proxecto do Parque contraincendios e salvamento nos terreos de Lavandeiras que está sendo redactado por un arquitecto do Concello de Viveiro, e un aparelador designado polo concello de Oourol. Están iniciados os trámites para a autorización do Ministerio de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Costas para a autorización de dita obra. O requisito que falta para que Costas dea a autorización é a finalización do proxecto.

**5. No Cantón de Arriba estiveron instaladas dende o mes de xullo até estea semana, uns asentos móbiles. Preguntamos:**

- **¿Esta infraestrutura é propiedade do Concello ou foi alugada?**  
**Si está instalación foi adquirida polo Concello, ¿Cal foi o seu custo?**  
**¿Con cargo a que partida orzamentaria se van pagar?**  
**Si foi alugada, ¿Cal é o custo do aluguer?**

O Sr. Alcalde contesta: Tal e como lle comentei persoamente no momento no que se establan instalando ditas gradas, o Concello iría en primeiro lugar e un aluguer par aos anos 2007-2008, cunha condición, que o aboamento do aluguer será descontado no caso de adquisición por parte do Concello. O coste do aluguer para os dous anos é de 59.000 € tendo en conta que ditas gradas van a ser usadas, non só para as festas do verán, senón tamén para a procesión de Semana Santa, concentración de motos, etc. Tamén lle comentei no momento da súa instalación, ante a súa pregunta, que estabamos buscando financiación externa do concello para a compra de ditas gradas e esas negociacións aínda continúan.

En canto a como se van a abonar, direille que no suposto de que non saían adiante as negociacións de financiación externa faremos como faciamos noutros casos, cando vostedes participaban do goberno que eu presido, que era levalos para un recoñecemento extraxudicial.

Polo Concelleiro do BNG formuláanse coa preceptiva antelación á presente sesión 26 de novembro de 2007, os seguintes rogos e preguntas:

**1. Insistimos: Despois das reclamacións da Asociación de Veciños de Valcarría acordouse nunha sesión plenaria iniciar o expediente de recuperación dun camiño actualmente pechado por un novo residente na parroquia. O Camiño, que non figura no inventario municipal como público e, o que partindo da estrada da deputación (Infanta-Valcarría) une esta vía pública co camino da Picha, e que foi asfaltado con cartos públicos.**

**Van alá 6 meses e non temos coñecemento de cómo está este asunto.**

**Preguntamos:**

- **¿Cando se vai resolver este Expediente?**



O Sr. Alcalde resposta: Eu creo que si que ten vostede coñecemento de cómo vai o asunto, tendo en conta que asistiu e participou no Pleno do 22 de outubro, no cal se aprobou unha proposta desta Alcaldía de iniciar o expediente de recuperación de dito camiño, quere dicirille, iso si, que con data 22 de novembro, a Secretaría deste Concello deu traslado do expediente á persoa encargada da súa tramitación.

- 2. Seguindo na mesma parroquia e na mesma zona. O camino da Picha, este sí incluído no inventario municipal, foi tamén pechado polo residente anteriormente citado. Desta vez pechouse en varios puntos cun valado e tamén cun muro de bloques. Hai poucos días derrubouse un dos muros pero o camiño segue sen se recuperar, pechado noutros puntos.**

**Preguntamos:**

- **¿Cando se vai completar a apertura deste camiño inventariado?**

O Alcalde responde: Como veste moi ben sabe, o día 21 de marzo de 2007, o Alcalde en funcións asinou un decreto de derribo dos muros aos cal fai referencia que houbo que retomar con posterioridade para aclarar erros de comunicación administrativa que se comentaran na tramitación das licenzas e houbo que retomar o tema da mesma reunión do 11 de maio, o cal permitiu derribar a invasión que se producira no camiño. Tamén en Pleno aclarouse que se iniciaran as comunicacións que a legalidade obriga a realizar a aquelas persoas que supostamente invaden o camiño e unha vez realizadas continuarase coa apertura do camiño.

- 3. Xa preguntamos no mes de agosto e no mes de outubro, pero non se non deu contestación, polo que insistimos: No campo de Naseiro, xunto á capela, estanse a levar adiante unhas obras de construción dunha placa de formigón.**
- Preguntamos:**

- **¿Cando se vai completar a apertura deste camiño inventariado?**
- **Os terreos nos que se actuou, ¿Son de propiedade municipal ou privados?**
- **Se a obra foi do Concello; ¿Cal foi o orzamento e o cargo de que partida orzamentaria se vai facer?**
- **¿Foron necesarios permisos da Consellería de Medio Ambiente para esta obra?**

- 4. O Sr. Alcalde ten anunciado no pasado mes de outubro a apertura dunha nova Sala Municipal de Exposicións:**

**Preguntamos:**

- a) Alugouse o local do que se falaba?**

O Sr. Alcalde responde: Si, xa firmei un contrato coas propietarias de dito local ante a necesidade de ter unha sala de exposicións de verdade, que estivera nun entorno con accesibilidade.

- b) Desde que mes está alugado?**

O Sr. Alcalde contesta: O contrato establece dende este mes.

- c) Canto se está a abonar polo aluguer?**



O Sr. Alcalde responde: O acordo alcanzado é por 300 euros ano mes, creo que recoñecerá o concelleiro do BNG que foi unha boa xestión, non só o ter unha sala de exposicións de verdade, senón tamén polo prezo conseguido por esta Alcaldía.

**d) Vai ser posible investir fondos municipais na adaptación deste vello local alugado?**

O Alcalde-Presidente dí que si se aproban os presupostos de 2008 e temos as axudas das outras administracións, sen lugar a dúbida.

**e) Cal é o custe estimado para levar adiante a adaptación deste local como Sal de Exposicións?**

O Alcalde dí que o custo estimado para levar adiante este local, neste momento está sendo redactado o proxecto e no seu momento poderemos falar do seu custo.

**f) Por canto tempo se alugou ou se pensa alugar? 5 anos renovables.**

**5. Cando se van a cubrir as vacantes existentes no plantel de axentes da Policía Local?**

O Sr. Alcalde responde que: As vacantes existentes e con consignación convocaranse na OEP de 2008; o da cobertura efectiva, como vostede debe saber, dependerá das datas dos exames, a resolución final dos mesmos e o período no que teñen que estar na Academia os que aproben.

**6. Que tipo de obras se están a facer no lugar de Naseiro?**

O Sr. Alcalde contesta:

1. Alumeado público no campo da festa: Colocouse un sistema de luminaria con varios proxectores e canalizouse toda a instalación do alumeado público, quedando totalmente oculto e mellorando a imaxe visual do entorno.
2. Abastecemento de auga, bocas de rego e saneamento: Dotouse a todo o campo e arredores dun sistema de abastecemento de auga potable, o cal serve para abastecer tanto ós botiquíns como ás mesas.  
As bocas de rega están dispersas por todo o campo para garantir a seguridade en caso de incendio, dada a gran aglomeración de xente que hai durante a romaría.  
Dotouse dun sistema de alcantarillado e todo o campo e o seu entorno para a eliminación do vertido directo de augas fecais e residuais ó río. Para iso executouse unha fosa de decantación colocalda próxima ó hórreo.
3. Estudo xeotécnico para a pasarela peatonal sobre o Río Landro: Como paso previo á realización da cimentación da ponte que se vai a colocar no Río Landro, foi necesaria a realización de traballos xeotécnicos para dimensionar as zapatas da ponte.
4. Cimentación da pasarela peatonal sobre o Río Landro: Dado que a ponte proxectada é de madeira laminada foi preciso realizar cunha empresa especializada a execución da cimentación para posterior colocación das vigas que conforman a ponte propiamente dita.
5. Pasarela peatonal de madeira laminada: A pasarela a colocar é de madeira laminada cunha lonxitude de 40 metros e un ancho de 2 metros para salvar nunha soa peza ambas marxes do Río Landro.
6. Adecantamento do entorno e accesos á pasarela peatonal de Naseiro: Unha vez executada a ponte e dispostos os servizos urbanísticos do lugar, contéplanse as



obras de adecentamento do entorno da pasarela mediante a colocación de barandilla, escolleras, .....

**7. No Cantón de Arriba estiveron instaladas dende o mes de xullo uns asentos móbiles que foron retirados no mes de outubro. Preguntamos:**

- **¿Está infraestrutura é propiedade do Concello ou foi alugada?**
- **Si ésta instalación foi adquirida polo Concello, ¿Cal foi o seu custo?**
- **¿Con cargo a que partida orzamentaria se van a pagar?**
- **Si foi alugada, ¿Cal é o custo do aluguer?**

**8. Ten a Alcaldía algunha previsión para afrontar a modificación da circulación na Variante urbana, é dicir, habilitada para a circulación en dobre sentido, tal e como se ten anunciado en varias ocasións?**

O Alcalde díx que a Alcaldía non é que teña previsión, ten xa un proxecto que vostede coñecer do anterior goberno, e estase a negociar coas diferentes administracións a financiación e autorización ao ser esta vía de carácter autonómico.

**9. O novo Centro Sociocultural de Covas, reivindicación feita fai moito tempo lo BNG, leva un grande retraso na súa execución. Preguntamos:**

- **¿Para cando está prevista a súa apertura?**

O Sr. Alcalde responde: Non lle vou a discutir se o BNG levaba moito tempo reivindicando o Centro Sociocultural de Covas, o que si lle podo afirmar persoal e documentalmente é que a realización deste novo centro sociocultural foi unha proposta desta Alcaldía. E tal como constatei en Plenos anteriores as dificultades que tiveramos é que a finais de outubro estaría finalizada, pódolle dicir que a obra xa foi recepcionada e que está pendente de actuacións complementarias como é o vinilo a colocar no cristal de entrada con fotos de Covas e textos de Noriega Varela e Pastor Díaz, e esperamos a súa apertura definitiva no primeiro trimestre de 2008, e digo definitiva por que antes de finalizar o ano xa terá algunha utilidade.

Seguidamente o Sr. Alcalde contesta aos rogos e preguntas formuladas coa preceptiva antelación á celebración da presente sesión polo concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño.

**1.- A pesares do tempo transcurrido, o camiño do Coto de Magazos, segue sen ser aberto, sorprende esta situación, xa que non hai ningún impedimento a que aibra, como sucede noutros sitios. Vaise abrir algún día este camiño?**

O Sr. Alcalde contesta: Si, vaise abrir dentro dos convenios que anualmente vimos facendo coa Consellería de Medio Rural. Está en proxecto solícitala para o exercicio 2008.

**2.- Que motivo hai para que a Empresa que xestiona o Servizo Municipal de Augas tarde tanto tempo en reparar os pavimentos, co conseguinte perigo que leva esta situación para os caminantes e o tráfico rodado?**

O Alcalde resposta: A devandita empresa foi requirida e xa comezou en varios puntos a reparar os diferentes pavimentos que , derivados de roturas ou novas instalacións, deixara sen reparar.



Carretera Iglesia Covas  
Pista Lapido Covas  
Nogarido Covas  
A Carreira Covas  
Escuela Xunqueira  
Camiño Iglesia Celeiro  
Carretera Cementerio Celeiro  
Chao Chavín  
Borreiros Galdo  
Camiño da Carrapota

**3.- Ten vostede Sr. Alcalde coñecemento do abandono que hai de distintos coches na vía pública, e si é así, cal é o motivo polo cal non se retiran?**

O Alcalde contesta: A retirada dos coches que son abandonados na vía pública non é instantánea, senón que hai que requirir aos propietarios, son retirados polo Concello e, aínda despois, hai que esperar un prazo de dous meses antes de facer a tramitación para levalos ao desgüace. Aínda así, déronse moitos casos de denuncias por abandono de vehículos que, ao día seguinte, o propietario movía de lugar por que estaban dados de alta e con imposto municipal pagado, aínda que durante moito tempo os deixan no mesmo sitio. Isto sí, sempre que falamos de vías públicas, por que pode darse o caso de coches abandonados en sitios próximos á vía pública, pero este e outro trámite diferente.

**4.- A urbanización do Campo da Pascua en Covas, formou parte do convenio urbanístico firmado no seu momento. Recollía ese convenio o deterioro a que está sendo sometido dito Campo?**

O Sr. Alcalde resposta: A urbanización do Campo da Pascua en Covas no formou parte do convenio urbanístico firmado no seu momento, senón que houbo unha contía de 12.000 € para facer a praza que xa está feita. En canto ao das rúas ao redor da devandita obra, como é lóxico, esperaremos á finalización desa obra para facer as beirarrúas e a reparación das rúas inmediatas ás devanditas obras, correndo a cargo da constructora a vía que vai ir dende a estrada xeral ao Campo da Pascua.

**5.- Con motivo dunha obra que se está a facer na Avenida de Vilalba, destrozouse o pavimento e un valado ocupa parte da calzada. Quen ten que reparar estos danos e para cando dita reparación?**

O Sr. Alcalde responde: A reparación da Avenida de Vilalba no tramo ao que se refire a pregunta esta pendente dedúas acturacións. A primeira, a instalación de 25 metros de canalización do saneamento foron mal instalados pola empresa que realiza a obra, o cal foi advertido por parte de Aquagest e dos técnicos municipais, polo que se teñen que refacer; ao mesmo tempo vaise atravesar a beirarrúa enfronte á dita cobra para dotar a esas casas de alcantarillado, do cal carecen.

A segunda, estase a traballar na Avenida de Vilalba cun reforzo do subministro eléctrico a esa zona, por estas dúas razóns aínda non se procedeu ao asfaltado da rúa, por que sería un sin sentido tela amañado para volvela a levantar.

A devandita rúa levaba anos intransitable e sen beirarrúas, no momento no que se reparare o tema do saneamento e se cruce a canalización para dar alcantarillado ás vivendas da outra



**EXCMO. CONCELLO  
DE  
VIVEIRO**

---

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 E-mail: viveiro@fegamp.es

beirarrúa e finalice o reforzo do subministro, tamén ás outras vivendas, procederase ao asfaltado da rúa e da outra beirarrúa, xa que na beirarrúa da obra citada se comprometeron, e así o fixeron.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.